

## PEZA DO MES

outubro

2014



**A FOLLA DE GRAO DO PADRE FEIJOO**



DETALLE DA FOLLA DE GRAO DO PADRE FEIJOO

### A follla de grao do Padre Feijoo

O primeiro documento impreso que se conserva de persoa tan insigne é a súa follla de grao defendida no convento de San Vicente de Salamanca. As primeiras noticias sobre este documento dánolas uns manuscritos, xustamente anteriores, os libros de Matrícula da Universidade dende o 14 de novembro de 1695 ata o 15 de decembro de 1696 (AUSA, 403, 404 e 405). Nestes caderniños aparece o P. Feijoo, xunto a outros compañeiros, algúns dos cales chegarán a ser xerais da Congregación dos monxes bieitos de Valladolid. Neste intre, do ano 1698, todos, incluído o P. Feijoo, estaban en cernes e comezando a súa longa singradura de estudos. O primeiro curso, o ano de 1695, o P. Feijoo, acaba de chegar da súa primeira estancia en Lérez. Durante tres anos, vai residir no convento de San Vicente, na cidade de Salamanca, durante os que suceden feitos que quedarán na memoria da cidade, e por suposto na do P. Feijoo. No ano 1695: as honras pola Raíña Madre muller de Filipe IV, Mariana de Austria, na catedral; no ano de 1697, a morte do xesuíta P. Abarca, catedrático da Universidade; en abril, o día 24, chega ao colexio da Clerecía, outro galego insigne, que vai iniciar os seus estudos, o pai Luís de Losada, filósofo e prolífico escritor, natural da Ermida (Quiroga). Probablemente chegaronse a coñecer, pois a comunidade da Compañía ía en pleno á festa de San Bieito o 11 de xullo ao convento do P. Feijoo. Da obra de Losada fai fermosos eloxios Feijoo, no tomo VII, do *Theatro Crítico*.

A Congregación bieita de Valladolid, tivo varios colexios para formar os seus estudantes, pero o máis

renomeado foi o de San Vicente de Salamanca, que fora erixido pola congregación de Cluny, e no século XVI foi sometido á Congregación de Castela. Estaba na parte occidental da cidade, nun montículo aínda hoxe denominado *O teso de San Vicente*. Durante a ocupación francesa os españois prendéronlle lume para obrigar a saír os franceses da cidade. Del hoxe tan só quedan unhas fiadas de pedra dos seus alicerces. Foi este colexio o centro teolóxico máis importante para os estudos anselmianos. Fundouno no século XVII o Cardeal Aguirre, coa oposición de dominicos e xesuítas, ata que o Consello de Castela, no 1692 resolveu a polémica establecendo dúas cátedras, unha de Prima e outra de Vésperas. É dicir, cando chega Feijoo a Salamanca, as cátedras acaban de ser inauguradas. A escola anselmiana salmantina propagouse incluso a Inglaterra, co pai Fr. Leandro de San Martiño, profeso de S. Martiño Piñario, que impartiu hebreo en Douay. Outros autores beneditinos que pasaron por Salamanca e escribiron sobre San Anselmo foron: o que chegaría a cardeal Xosé SAENZ DE AGUIRRE: *Teología de San Anselmo, Salamanca, 1679-1685, 3 v.*; Xoan Bautista LARDITO: *Los dos libros de San Anselmo «Cur Deus homo» y «De Incarnatione Verbi et fide Trinitatis»*, Salamanca, 1699-1703; e Antonio PÉREZ: *Laurea Salmantina*, Salamanca, 1603. O pai Lardito foi abade no período en que Feijoo está en Salamanca, e foi xeral da congregación de San Bieito de Valladolid entre 1705 e 1709.

Os seus mestres de San Vicente de Salamanca foron Fr. Manuel Navarro, Fr. Xosé Sánchez, lector de Terza, e o primeiro mestre foi Fr. Pedro Magaña, e segundo Fr. Gregorio Herrán. Era rexente Fr. Xosé Sotelo (que era natural da Limia, e profeso de Celanova, rexente en Eslonza no cursos 1693-1697). Primeiro mestre de

estudantes Fr. Mauro Roldán, e segundo mestre Fr. Xosé Barnuevo, que foi bispo de Osma, e deixou a súa rica biblioteca ao mosteiro de Valbanera, que se perdeu.

No mesmo colexio de Salamanca, foi rexente o seu antepasado Plácido de Puga, e un antecedente de Feijoo no senso de ilustrado foi o P. Mauro Somoza, que ademais de ser un gran coñecedor das linguas clásicas, mantivo correspondencia con escritores de toda Europa, e finou en 1680. Dende Salamanca trasládase a Eslonza, entre 1698 e 1701, onde terá por abades a Fr. Mauro Colón, e Fr. Plácido Brazales, quen en 1701 fai de novo a igrexa e fachada que hoxe se atopa no barrio de Renueva (León).

O soporte, desta folla de graos é a seda (como moitas que aínda hoxe se gardan nos arquivos de distintas universidades). Chama a atención polas súas medidas, 57 cm de ancho por 85 de alto. Isto ten unha explicación. Colocábanse unhas copias en papel nos principais lugares públicos de Salamanca: Praza Maior, na zona da Universidade, a Praza de San Martín, a Rúa, as portas de cidade, para que a xente puidera ler con claridade o texto que se ía defender. Cando un ía a un destes actos levábaselle nunha bandexa cuberta cun tafetá ao interesado, e as de papel un criado, que ía detrás que as deixaba en distintos puntos da cidade. Ao ser un acto menor facíase no propio colexio, os maiores facíanse nas denominadas «Escolas da Universidade». Nestes últimos actos preside sempre alguén da universidade, ou un frade doutra congregación.

A folla redactábaa quen ía actuar e levábase á imprenta. Pero este feito, nalgunha ocasión, como é o caso de xesuíta do P. Hurtado, foron antes ao colexio de San Bernardo, *por si tiñan que borrar algunhas das conclusións que o P. Hurtado tiña que defender*. Noutros casos, como o 12 de marzo de 1673 as conclusións impresas, tiveron erratas e deuse orde de «llamar al impresor que tirase otras». Uns anos antes da defensa do P. Feijoo, o 8 de maio de 1688, a Inquisición manda reimprimir a folla da defensa, e ao ano seguinte, avisou «por cierto accidente». Non debemos de esquecer que o 6 de setembro do ano 1739, a Inquisición publicou un edicto mandando borrar «in totum» os parágrafos 74-75 do discurso 11 do tomo VIII. Isto motivou que no seguinte tomo, que viu a luz no 1740, dera explicacións oportunas o P. Feijoo.

Sorprende fondamente, dado o que acabamos de afirmar, que as asercións son copiadas «ad pedem litterem» das *Obras Completas* de San Anselmo, e así

a primeira responde ás páxinas 665-667; a segunda, é das páxinas 756-760; a terceira ás 755-756; a cuarta á páxina 842, a quinta ás páxinas 749-750; e a sexta, á 673. Curiosamente, un irmán do P. Feijoo, nado en 1679 chamábase Anselmo. A decoración da folla é de paxaros, e motivos florais moi típicos das encadernacións salmantinas dos séculos XVI e XVII.

Con respecto á imprenta débese dicir que o anterior propietario Lucas Pérez ten actividade en Salamanca entre 1672 e 1690, con título de «Impresor de la Universidad». Era fillo do tamén impresor Ambrosio Pérez, publica en Salamanca, en 1682, as *Meditationes* de San Anselmo. Do ano de 1698, figuran no CCPB once exemplares impresos en Salamanca, aos que lle hai que engadir, as follas de graos e doutoramento, papeis de anuncios diversos, etc...hoxe en día perdidos. A imprenta que máis tirada ten é a de María Estevez, á que pertence esta folla de grao, que tamén figura baixo as epígrafes de *Maria Estevez uiduae*, *María Estevez viuda de Lucas Pérez*, que publicará ese ano cinco libros, fronte aos dous de Gregorio Ortiz Gallardo, tres, de Eugenio Antonio García e un de Villagordo e Alcaraz. Estamos pois, ante unha impresora de moita relevancia, continuadora do traballo de seu sogro e marido.

Quen preside o acto é Fr. Mauro Roldán, profeso de Samos, que chegará a rexente de Eslonza (1705-1709), a quen o capítulo xeral de 1697, é dicir, un ano antes de Feijoo, autoriza a graduarse en Salamanca. O día 9 de marzo de 1698, «sub auspicijs» de Fr. Mauro Roldán, celébrase o acto no colexio de San Vicente.

O texto, corresponde á escola anselmiana, fundada polo que chegou a cardeal Fr. José de Aguirre, cuxos textos escribiu Fr. Juan Bautista Lardito, que publicou tres volumes sobre San Anselmo, e Fr. Manuel Navarro. A importancia desta folla reside en ser o primeiro documento impreso, dun home, do que tan só, ao longo do século XVIII, segundo Marañón chegaron a imprimirse 420 mil volumes. Xa no ano 1786 fixéranse 200 reedicións. A mellor edición é a que custeou Ibarra, entre 1777 e 1779 con 33 volumes.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Justo Carnicero Méndez-Aguirre


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 







XUNTA  
DE GALICIA